



Concello de Cangas

## ACTA

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano Colexiado:</b>
XGL/2018/18	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
<b>Tipo Convocatoria</b>	Ordinaria
<b>Data</b>	7 de maio de 2018
<b>Duración</b>	Desde as 19:59 ata as 20:38 horas
<b>Lugar</b>	SALA DE SESIÓNS
<b>Presidida por</b>	XOSE MANUEL PAZOS VARELA
<b>Secretario</b>	BERTA ALONSO SOTO

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
77010633D	ANDRES GARCIA BASTON	SÍ
73240505H	HÉITOR MERA HERBELLO	NON
78734984G	JESÚS ANTONIO PEREZ GALLEGO	SÍ
76807564F	LOURDES RIAL PARDO	SÍ
78730184B	MARIANO ABALO COSTA	SÍ
76811297Z	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS	SÍ
53113479Q	TANIA CASTRO PAREDES	NON
78739263M	TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ	SÍ
76328194A	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	SÍ
34907283E	XOÁN CHILLÓN IGLESIAS	SÍ
78736615W	ÁN XELA VIZOSO MARCOS	NON

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



**Concello de Cangas**

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

**A) PARTE RESOLUTIVA**

**Aprobación da acta da sesión anterior realizada en data 23 de abril de 2018**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou aprobar o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local realizada o día 23 de abril de 2018.

**Expediente 2192/2018. Solicitud de sinalización**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude de M. E. R. M. na que demanda autorización municipal para a renovación de sinal de pasaxe permanente nº 709, por deterioro. A Xunta de Goberno Local acorda autorizar a renovación do sinal nº 709 de pasaxe permanente que figura a nome de M. E. R. M.

**Expediente 1961/2018. Informe da Policía Local s/necesidade de sinalización no Outeiro de Balea-Darbo**

**Non hai acordo**

**Motivo:** Ampliar documentación

A Xunta de Goberno Local acorda deixar sobre a mesa o informe de data 20.04.2018 emitido pola Policía Local, referente a sinalización no Outeiro de Balea, para que se proceda a realizar un estudo de ordenación do tráfico nesa zona.

**Expediente 2519/2017. Licenza urbanística**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 2.519/2017.- Outorgar a J. L. V. L., con enderezo en Camiño de Moreira, nº 3-Barrio Igrexa-Chapela, licenza de obras para construír no lugar da Praia de Pimpín-Pinténs-O Hío, un muro de contención e defensa contra o mar de 14,30 ml., segundo o proxecto elaborado polo arquitecto, J. R. L., de decembro de 2016 e as condicións impostas por Costas de data 15 de marzo de 2017 e o Instituto de Estudos do Territorio (IET) de data 2 de abril de 2018. O presuposto de execución das obras ascende a seis mil catrocentos corenta e sete euros con setenta céntimos (6.447,70 €).

**Concello de Cangas**



**Expediente 711/2018. Licenza urbanística**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 711/2018.- Outorgar a J. A. B. R. e M. A. C. L., con enderezo na Avda. de Ourense, nº 56-1º-esq.-Cangas, licenza de obras para, no lugar de Pedra da Lan-Miranda-Coiro, regulado pola ordenanza 11, solo no urbanizable de núcleo rural (SNUN), reformar a vivenda unifamiliar, de conformidade co proxecto elaborado por "UN+UN ARQUITECTOS CB", de abril de 2018. O presuposto de execución material ascende a cincuenta e cinco mil cincocentos sesenta e tres euros con cincuenta e catro céntimos (55.563,54 €).

**Expediente 1500/2018. Licenza urbanística**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 1500/2018.- Outorgar a J. C. P., con enderezo a efectos de notificacións en rúa Fonte do Galo, nº 16B-Cangas, agás dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra, para en solo regulado pola ordenanza do PEPRI, reformar 69,00 m2., de planta baixa e 69,00 m2., de primeiro andar e ampliar 45,70 m2., de aproveitamento baixo cuberta e 4,60 m2., de terrazas, escaleiras en vivenda sita na rúa Loureiros, nº 4, de conformidade co proxecto redactado polos arquitectos R. O. S. e J. A. F. M., visado en data 20 de marzo de 2018, condicionada a que deberá cumprir co establecido nos artigos 38 e 47 do PEPRI e que por tratarse dunha edificación sita no ámbito do PEPRI, farase un seguimento desta polos técnicos da Oficina Municipal e realizar a modificación de uso no Catastro. O presuposto de execución material ascende a setenta e cinco mil quince euros con sete céntimos (75.015,07 €).

**Expediente 7683/2017. Licenza urbanística**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 7683/17.- Outorgar a J. O. R. M., con enderezo na Avda. de Ourense, nº 79-3º-Cangas, licenza de legalización de obras realizadas no Espírito Santo, nº 3-Coiro, regulado pola ordenanza 6, solo urbano de edificación aberta (URTA), consistentes nunha edificación destinada a uso administrativo de 129,46 m2., de planta baixa e 138,66 de primeiro andar, de conformidade co proxecto elaborado polo arquitecto J. L. D. G., visado en data 31 de outubro 2017 e 6 de febreiro de 2018. O presuposto de execución material ascende a setenta e sete mil setecentos dezaoto euros con cincuenta e dous céntimos (77.718,52 €).

Antes do inicio de calquera actividade deberá presentar a comunicación previa preceptiva para o inicio desta.

Acéptase a cesión efectuada en acta de comparecencia de data 15 de setembro de 2015 por una



**Concello de Cangas**

superficie de 21,50 m<sup>2</sup>., e o aval que garante as obras depositado o 18 de setembro de 2015 na Tesourería municipal por importe de catrocentos oitenta e dous euros con noventa e catro céntimos (482,94 €), que consta no expediente nº 25.500.

**Expediente 1946/2018. Licenza urbanística**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 1946/2018.- A "UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN SA", con domicilio a efectos de notificacións en Travesía de Vigo, nº 204 PB, para en rúa Lontreira, nº 14-O Hío, autorizar a ocupación de dominio público e conceder licenza de obras para canalizar unha rede de baixa tensión soterrada de 26 metros de lonxitude, de conformidade coa documentación presentada e data abril de 2018 e coas seguintes condicións:

As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo e o 15 de setembro. Non se permiten reposicións parciais.

Nin durante o período das festas de nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de Semana Santa. Deberá regular o tráfico durante as obras. Non se permiten reposicións parciais.

\* Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

\* Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten canalizacións sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe computarse no aval global depositado o importe de mil douscentos corenta euros con cincuenta e nove céntimos (1.240,59 €) para responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de "UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN SA", o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

\*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

\*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da zanja.

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo art. 194.3 da Lei 9/2002, do Solo de Galicia e 43.1 da Lei 8/2012, de Vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

**Expediente 1662/2018. Licenza de primeira ocupación**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

**Concello de Cangas**



Primeiro.- Outorgar licenza municipal de primeira ocupación a A. D. F. C. E E. N. G., con enderezo en Rúa Areacoba, nº 72-Espiñeira-Aldán, para unha vivenda unifamiliar sita no referido lugar, construída ao abeiro da licenza municipal nº 18.895, e tendo en conta o informe-comprobación emitido ao respecto polo arquitecto municipal de data 4 de abril de 2018 e o informe emitido pola xefa do servizo de urbanismo de data 2 de maio de 2018.

#### **Expediente 1700/2018. Licenza de primeira ocupación**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 1700/18.- EXPEDIENTE DE OBRAS Nº 20.591.- Outorgar licenza municipal de primeira ocupación a A. M. F.G., con enderezo na Rosada, nº 53-A-Coiro, de vivenda unifamiliar sita no lugar de Bouza da Laxe, nº 16-Liméns-O Hío, construída ao abeiro da licenza municipal nº 20.070 e tendo en conta o informe-comprobación emitido ao respecto polo arquitecto Municipal de data 13 de abril de 2018 e o informe emitido pola xefa do servizo de urbanismo de data 1 de maio de 2018.

Asemade apróbase a recepción das obras de urbanización previstas no mencionado proxecto e garantidas mediante aval, de conformidade co exposto polo técnico arriba citado.

#### **Expediente 2011/2018. Comunicación previa en materia urbanística**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 2011/18.- Dase conta da comunicación previa presentada por COMUNIDADE PROPIETARIOS “GENERAL Y GARAJES PÓRTICO”, para reparación de fachada en edificio sito no lugar de rúa San Xosé, nº 35-Cangas, de conformidade coa documentación presentada polo arquitecto J. A. F. M. O presuposto de execución das obras ascende a once mil cincocentos euros (11.500,00 €).

#### **Expediente 1805/2018. Comunicación previa en materia urbanística**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 1805/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por S. A. R. C., con enderezo a efectos de notificacións na Avda. de Montero Ríos, nº 23-baixo-Cangas, para reformas interiores de local (colocación plaqueta e pintado) sito na Avda. de Montero Ríos, nº 23-Baixo-Cangas, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente en data 11 de abril de 2018. O presuposto de execución material ascende a mil cincocentos dezasete euros con cincuenta céntimos (1.517,50 €).

#### **Expediente 1872/2018. Comunicación previa en materia urbanística**



Concello de Cangas

<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento
EXPEDIENTE N° 1872/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por J. V. P., para reparación de cuberta en porche de 28,00 m2., sito no lugar de rúa Santa Pola, nº 31-Balea, de conformidade coa documentación presentada o 16 de abril de 2018. O presuposto de execución das obras ascende a mil oito euros (1008,00 €).	

<b>Expediente 1475/2018. Comunicación previa en materia urbanística</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento
EXPEDIENTE N° 1475/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por COMUNIDADE DE PROPIETARIOS ESPÍRITU SANTO, 43, con enderezo a efectos de notificacións en rúa O Espírito Santo, nº 43-Cangas, para instalación de pérgolas na planta soto para aparcamentos en edificación sita no referido lugar, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente redactada polo arquitecto técnico R. S. C. de data de xaneiro de 2018. O presuposto de execución material ascende a mil trescentos cincuenta e nove euros (1.359,00 €).	

<b>Expediente 1964/2018. Comunicación previa en materia urbanística</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento
EXPEDIENTE N° 1964/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por J. J.V. P., con enderezo a efectos de notificacións en Camiño Vello de San Roque, nº 63-Darbo, para cambio tella en vivenda existente sita no referido lugar, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente redactada polo arquitecto técnico R. B. R. de data marzo de 2018. O presuposto de execución material ascende a dous mil cincocentos trinta e oito euros con vinte e nove céntimos (2.538,29 €).	

<b>Expediente 2103/2018. Comunicación previa en materia urbanística</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento
EXPEDIENTE N° 2103/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por a COMUNIDADE PROPIETARIOS EIRADO DO SINAL, con enderezo a efectos de notificacións na Praza Eirado do Señal, nº 5-Cangas, para reparación de fachada de edificación sita no referido lugar, de acordo coa documentación técnica elaborada polo arquitecto J. A. F. M. de data abril de 2018. A obra desenvolverase no ámbito de afección do PEPRI e cumprirá coa súa normativa de aplicación. O presuposto de execución material ascende a tres mil douscentos dezaioito euros con vinte e dous céntimos (3.218,22 €).	

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

<b>Expediente 2008/2018. Comunicación previa en materia urbanística</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento
<p>EXPEDIENTE Nº 2008/18.- Dase conta da comunicación previa presentada por M. D. C., para reformas interiores de vivenda sita no lugar da Devesa, nº 10-Coiro, de conformidade coa documentación presentada. O presuposto de execución das obras ascende a dous mil cento vinte euros (2.120,00 €).</p>	

<b>Expediente 1203/2018. Comunicación previa en materia urbanística</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento
<p>EXPEDIENTE Nº 1203/18.- Dase conta da comunicación previa presentada por E.P. G., para construción dun cerramento de 54,00 ml., no lugar de Balea-Darbo, de conformidade coa documentación presentada. O o presuposto de execución das obras ascende a mil euros (1.000,00 €).</p> <p>Acéptase a cesión gratuíta de terreo para o ampliación do vieiro municipal efectuada con data 20 de abril de 2018 por unha superficie de 6,21 m2.</p>	

<b>Expediente 1951/2018. Comunicación previa en materia urbanística</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento
<p>EXPEDIENTE Nº 1951/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por "MANUXI SL", con enderezo a efectos de notificacións en rúa Estrela, nº 1-Cangas, para reparación de fachada de vivenda sita na rúa do Arco, nº 2, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente elaborada polo arquitecto F. B. P. de abril de 2018. A obra desenvolverase no ámbito de afección do PEPRI e cumprirá coa súa normativa de aplicación. O presuposto de execución material ascende a tres mil catrocentos vinte e sete euros con sesenta e cinco céntimos (3.427,65 €).</p>	

<b>Expediente 2136/2018. Comunicación previa en materia urbanística</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento
<p>EXPEDIENTE Nº 2136/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por J. T. G., con enderezo a efectos de notificacións en Souto, nº 11-San Pedro-Darbo, para reparación de fachada sur de edificación sita no referido lugar, de conformidade coa documentación elaborada polo arquitecto técnico F. M. L. de data abril de 2018. O presuposto de execución material ascende a dous mil trescentos corenta euros (2.340,00 €).</p>	

---

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

**Expediente 1710/2018. Comunicación previa en materia urbanística**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 1710/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por H. B. B., con enderezo a efectos de notificacións na Avda. das Camelias, nº 110-7ºA-Vigo, para urbanizar para aparcamento de vehículos, o patio traseiro dun edificio de vivendas sito na Avda. de Ourense, nº 23, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente redactada pola arquitecta M. T. F. I. de data abril de 2018. O presuposto de execución material ascende a cinco mil douscentos vinte e seis euros con corenta e seis céntimos (5.226,46 €).

**Expediente 1967/2018. Comunicación previa en materia urbanística**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 1967/18.- Dase conta da comunicación previa presentada por E. P. R., para reposición dun muro de 5,50 ml., sito no lugar de Laxielas, nº 8-Coiro, de conformidade coa documentación presentada e condicións impostas pola Deputación Provincial de Vías e Obras de data 21 de marzo de 2018. O presuposto de execución das obras ascende a novecentos euros (900,00 €).

**Expediente 2007/2018. Comunicación previa en materia urbanística**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 2007/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por B. M. B., con enderezo a efectos de notificacións en rúa Hérois de 1617, nº 37-San Roque-Cangas, para reparación de cobertizo existente sito en rúa dos Hérois de 1617, nº 37-Cangas, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente de data 20 de abril de 2018. O presuposto de execución material ascende a mil setecentos trinta e dous con cincuenta céntimos (1732,50 €).

**Expediente 1283/2018. Cambio de titularidade para o exercicio de actividade**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 1283/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por "Vallekas", con enderezo a efectos de notificacións en rúa Castelao, nº 3-baixo, para cambio de titularidade da actividade de xeladería a desenvolver no local sito en rúa Castelao, nº 3-baixo, que ata agora rexentaba B. P. C., segundo a acta de inspección favorable da arquitecta municipal de data 17 de abril de 2018.

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850





**Expediente 1512/2018. Cambio de titularidade para o exercicio de actividade**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 1512/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por Á. S. Á., con enderezo a efectos de notificacións en Fontes, nº 190-Tirán-Moaña, para cambio de titularidade da actividade de zapatería que se desenvolve no local sito en rúa Castelao, nº 13-baixo, que ata agora rexentaba R. F. M., vista a acta de comprobación favorable da arquitecta municipal de data 17 de abril de 2018.

**Expediente 437/2017. Expediente de disciplina urbanística nº 5/2017**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta de data 24.04.2018 da xefa de urbanismo, referente a arquivo de expediente sancionador nº 437/2017-5/2017, que é como segue:

"De conformidade co artigo 84 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento administrativo común das administracións públicas e visto o xustificante de pagamento de data 21 de marzo do 2018, de M. C. C. J., en relación co expediente sancionador por infracción urbanística nº 437/2017.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015, polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

**ACORDO**

**PRIMEIRO.-** Declarar terminado o procedemento sancionador incoado a M. C. C. J., por ter realizado no lugar do Espírito Santo-Coiro, as obras de urbanización de predio, pista deportiva e caseta, visto o xustificante de pagamento de data 21 de marzo de 2018, obrante no expediente.

**Expediente 7662/2017. Proposta de adjudicación definitiva da obra "Nova capa de rodadura en vieiros de Darbo, Aldán e O Hío"**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía de data 27.04.2018 para adjudicación definitiva da obra "Nova capa de rodadura en vieiros de Darbo, Aldán e O Hío", que é como segue:

*"Visto o expediente de contratación tramitado para a adjudicación do contrato administrativo de obra 'Nova capa de rodadura en vieiros de Darbo, Aldán e O Hío'.*



*Visto que iniciada a licitación e previa convocatoria, a mesa de contratación como órgano competente para a valoración das ofertas, realizou proposta de adxudicación a favor da mercantil 'NEMESIO ORDÓÑEZ SA', por resultar esta a oferta economicamente mais vantaxosa das achegadas.*

*Visto que esta empresa achegou en tempo e forma (entrada nº 4641 do día 26.04.2018) a documentación requirida relativa á declaración responsable de vixencia e non variación na inscrición no Rexistro xeral de contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, xustificante do pago do anuncio de licitación, sesenta e nove euros con setenta e cinco céntimos (69,75 €) e que así mesmo constituíu garantía definitiva por importe de dous mil trescentos catro euros con cincuenta e un céntimos (2.304,51 €) mediante aval bancario.*

*Por todo o que antecede, en uso das atribucións que a lexislación vixente me confire, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:*

#### **ACORDO**

*Primeiro.- Adxudicar á empresa 'NEMESIO ORDÓÑEZ SA', con o contrato administrativo de obra 'Nova capa de rodadura en vías de Darbo, Aldán e O Hío' por importe de cincuenta e cinco mil setecentos sesenta e nove euros con seis céntimos (55.769,06 €) (21% de IVE incluído).*

*Segundo.- O prazo máximo de execución da obra é de 3 meses contados desde o día seguinte ao de formalización da acta de comprobación do replanteo da obra.*

*Terceiro.- Dispoñer o gasto con cargo á aplicación 1532/61911 do vixente orzamento municipal.*

*Cuarto.- Notificar a 'NEMESIO ORDÓÑEZ SA', adxudicación do contrato e citar ao seu representante para a sinatura deste.*

*Quinto.- Nomear responsable do contrato á aparelladora municipal, C. G. C., a quen lle corresponderá supervisar a súa execución, adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.*

*Sexto.- Notificar a adxudicación do contrato aos licitadores que non resultaron adxudicatarios nos termos previstos no artigo 151.4 do TRLCSP.*

*Sétimo.- Publicar a formalización do contrato no perfil do contratante.*

*Oitavo.- Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de contratos do sector público, de conformidade co disposto no artigo 333.3 do TRLCSP.*

*Noveno.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de intervención e apoio xurídico, así como á responsable do contrato".*

#### **Expediente 1580/2018. Solicitude de devolución de fianza ou cancelación de aval**

<b>Favorable</b>	<b>Tipo</b>	<b>de</b>	<b>votación:</b>
------------------	-------------	-----------	------------------



Concello de Cangas

Unanimidade/Asentimento

Primeiro.- Recoñecer a devolución da fianza en metálico depositada por A. I. P. V., por importe de seiscentos corenta e dous euros con sesenta céntimos (642,60 €), para garantir a finalidade do expediente de obra nº 23.853, licenza nº 23.006.

Segundo.- Notificar este acordo á interesada.

#### **Expediente 2096/2018. Prestación do servizo de axuda no fogar**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude de servizo de axuda no fogar e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

\* **CONCEDERLLE** a H.F.R., o Servizo de Axuda no Fogar a través da quenda de libre concorrencia e de acordo cos seguintes detalles:

Prestacións:

- \* Atencións de carácter persoal.
- \* Atencións de carácter psicosocial.
- \* Atencións de carácter doméstico.

Custo do servizo total: trescentos oitenta e catro euros (384,00 €) (doce euros con oitenta céntimos (12'80€/hora)).

Achega económica da persoa usuaria: 0 €/mes.

Número de horas: 30 horas.

Data de efectos de alta no SAF: a partir do 7 de maio de 2018.

#### **Expediente 2039/2018. Concesión de axudas de emerxencia social**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a seguinte proposta de resolución de data 02.05.2018 do concelleiro de servizos sociais, igualdade e sanidade, referente a concesión de axuda económica de emerxencia social, que di o seguinte:

*"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN*

*Con relación na solicitude de axuda económica de emerxencia social presentada por C.M.P., examinado o informe da traballadora social de servizos sociais comunitarios, propónse a seguinte resolución:*

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



\* *Concesión de axuda económica por importe de cincocentos corenta e tres euros con setenta e tres céntimos (543,73 €)".*

**Expediente 1827/2018. Proposta de solicitude de subvención á Consellería de Política Social para a prestación de servizos de atención temperá**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/  
Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta de data 03.05.2018 do concelleiro de servizos sociais, igualdade e sanidade, referente a solicitude de subvención para os servizos de atención temperá no marco da Rede galega de atención temperá, que é como segue:

*"Solicitar subvención ao abeiro da orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións as entidades locais da comunidade autónoma de Galicia, para a prestación de servizos de atención temperá no marco da Rede galega de atención temperá, cofinanciados polo P.O. FSE 2014-2020 e se procede á súa convocatoria para o ano 2018 nos termos que figuran nos puntos seguintes, así como, aceptar as condicións e requisitos establecidos nesta orde e demais normativa aplicada e comprometerse a cofinanciala nos termos seguintes:*

*1.- Prestación do servizo de atención temperá no marco da Rede galega de atención temperá (Decreto 183/2013, de 5 de decembro) nas condicións reflectidas no artigo 8 da orde.*

*2.- A xestión será directa polo Concello de Cangas.*

*3.- O período de execución será do 1 de novembro de 2017 ao 31 de outubro de 2018.*

*4.- Os integrantes do equipo de atención temperá durante o período de execución son tres profesionais que formarán un equipo interdisciplinar.*

*5.- O número de horas totais de traballo do equipo (art. 10.2) e o importe dos custos de prestación do servizo en función do prezo unitario/hora (art. 10.1) durante o período de execución son:*

A	B	C	
Nº total de horas de traballo do equipo AT no citado período segundo grupos	Prezo unitario/hora segundo os grupos profesionais (Art. 10.1)	Custo total segundo grupo de pertenza	
Grupo I	1612,5 h.	20,89 €	33685,125 €
Grupo II	3225 h.	18,60 €	59985,000 €
Total	4837,5 h.		93670,125 €

*E por outra banda, con base nos datos que figuran nos correspondentes arquivos:*

*1.- A data de posta en marcha do servizo de atención temperá configurado como tal polo*



Concello de Cangas

*Concello de Cangas foi 1999.*

*2.- Que foron remitidas as contas correspondentes ao último exercicio exixible ao Consello de Contas de Galicia.*

*3.- A porcentaxe de persoas con discapacidade no cadro de persoal do Concello de Cangas é de 0%.*

*4.- A contratación do persoal que desenvolve as súas funcións no servizo de atención tempera foi realizada de acordo coa normativa aplicable ás administracións públicas e a correspondente concorrencia".*

**Expediente 824/2018. Proposta da Alcaldía s/inicio de procedemento de contratación do servizo integral de produción e infraestruturas para as Festas do Cristo-2018**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía de data 26.04.2018, referente a inicio do procedemento de contratación do servizo integral de produción e infraestruturas para as Festas do Cristo-2018, que di o seguinte:

**"PROPOSTA DA ALCALDÍA**

*Visa a proposta de data 16.03.2018 do concelleiro de cultura e normalización lingüística, Héitor Mera Herbello, que a continuación se transcribe:*

*"Este concello ten a necesidade de contratar o servizo de espectáculos musicais (orquestras), produción de concertos, e a luminaria festiva polos motivos seguintes:*

*\* Organización das Festas do Cristo 2018 (No caso da luminaria festiva incluíría tamén Nadal 2018).*

*\* Acadar unha maior calidade do programa artístico e das infraestruturas técnicas.*

*O importe do contrato ascendería á cantidade de*

<i>IMPORTE</i>	<i>IVE</i>	<i>TOTAL</i>
<i>100.413,22 €</i>	<i>21.086,78 €</i>	<i>121.500,00 €</i>

*Dada a característica do contrato, parece que o procedemento mais axeitado é o procedemento aberto, oferta economicamente máis vantaxosa, con varios criterios de adxudicación. Por todo o anterior,*

**PROPOÑO**

*Que previos os trámites que se estimen oportunos realícese a contratación proposta por este servizo."*

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Considerando esta Alcaldía que é necesaria a contratación do servizo proposto, propono á Xunta de Goberno local a adopción do seguinte:

**ACORDO**

*PRIMEIRO.- Iniciar o procedemento de contratación do servizo integral de produción e infraestruturas para as Festas do Cristo- 2018.*

*SEGUNDO.- Que polo interventor se emita informe sobre a porcentaxe que supón a contratación en relación cos recursos ordinarios do orzamento vixente para os efectos de determinar o órgano competente para contratar.*

*TERCEIRO.- Que por Secretaría se emita informe sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.*

*CUARTO.- Que os técnicos dos departamentos encargados de xestionar cada servizo obxecto deste contrato, incorporen ao expediente os pregos de prescricións técnicas que han de rexer a adxudicación de cada lote, logo do cal o departamento de contratación deberá redactar e incluír no expediente os pregos de cláusulas administrativas particulares que rexerán o contrato e o proceso de adxudicación.*

*QUINTO.- Que o interventor faga a retención de crédito que acredite que existe crédito suficiente e axeitado para financiar o gasto que comporta a realización deste contrato e que emita informe sobre a fiscalización previa ou crítica do gasto.*

*SEXTO.- De ser favorable a fiscalización previa, que se emita informe-proposta de secretaría ao respecto".*

**Expediente 2110/2018. Proposta de vacacións de persoal municipal para o ano 2018**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía de data 26.04.2018, referente a solicitudes de vacacións de persoal municipal para o ano 2018, que é como segue:

*"Presentadas as solicitudes de vacacións do ano 2018, formuladas por todo o persoal municipal.*

*Proponse a Xunta de Goberno local a aprobación do seguinte CADRO DE VACACIONS ANO 2018*

CASA CONCELLO - OFICINAS	
SECRETARÍA	



**Concello de Cangas**

B. A. S.	10/09/2018 ó 19/09/2018
M. C. B. S.	03/09/2018 ó 28/09/2018
M. C. G. M.	02/07/2017 ó 31/07/2018
T. F. Á.	06/07/2018 ó 16/08/2018
<i>APOIO XURIDICO-SECRETARÍA</i>	
L. M. D.	27/07/2018 ó 31/08/2018
P. P. P.	10/09/2018 ó 11/10/2018
<i>PERSOAL</i>	
M. S. S.	05/07/2018 ó 14/08/2018
<i>GABINETE DE ALCALDÍA</i>	
P. C. C.	23/07/2018 ó 24/08/2018 17/09/2018 ó 21/09/2018
<i>ESTADÍSTICA</i>	
J. G. G.	02/07/2018 ó 31/07/2018 03/12/2018 ó 11/12/2018
J. C. V. M.	01/08/2018 ó 10/09/2018
<i>ARQUIVO</i>	
J. L. I.	01/08/2018 ó 17/08/2018 03/09/2018 ó 21/09/2018
<i>INTERVENCIÓN</i>	
S. C. M.	<i>PENDENTES</i>
M. Y. E. C.	13/08/2018 ó 05/09/2018 17/09/2018 ó 02/10/2018
R. S. G.	25/06/2018 ó 01/08/2018
J. L. T. S.	09/07/2018 ó 03/08/2018 03/09/2018 ó 11/09/2018
<i>TAXAS</i>	
R. B. M.	03/12/2018 ó 21/12/2018 02/01/2019 ó 22/01/2019
J. L. M.	15/05/2018 ó 22/05/2018 17/07/2018 ó 31/07/2018 17/09/2018 ó 30/09/2018 26/12/2018 ó 28/12/2018

**Concello de Cangas**



**Concello de Cangas**

M. J. M. S. 09/07/2018 ó 16/07/2018 01/08/2018 ó 31/08/2018	
<i>TESOURERÍA</i>	
A. M. R. A.	06/08/2018 ó 14/08/2018 05/10/2018 ó 11/10/2018 26/12/2018 ó 28/12/2018
M. C. R. S.	02/07/2018 ó 31/07/2018 03/09/2018 ó 11/09/2018
M. C. S. F.	25/06/2018 ó 29/06/2018 16/08/2018 ó 31/08/2018 24/09/2018 ó 28/09/2018
<i>URBANISMO</i>	
M. R. G	28/08/2018 ó 07/09/2018 02/11/2018 ó 09/11/2018 03/12/2018 ó 10/12/2018 26/12/2018 ó 02/01/2018
A. L. P.	<i>PENDENTES</i>
Á. G. I.	23/07/2018 ó 03/08/2018 03/9/2018 ó 21/09/2018
A. F. F.	25/06/2018 ó 30/07/2018
J. M. P. P.	06/08/2018 ó 14/09/2018
F. R. P.	20/06/2018 ó 31/07/2018
T. C. R.	01/08/2018 ó 31/08/2018
M. I. M. F.	18/07/2018 ó 03/08/2018 17/08/2018 ó 07/09/2018
M. A. F. L.	02/07/2018 ó 06/08/2018
<i>REXISTRO</i>	
L. F. L.	01/06/2018 ó 08/06/2018 31/07/2018 ó 31/08/2018
<i>OFICINA TÉCNICA</i>	
C. G. C.	15/06/2018 ó 04/07/2018 06/09/2018 ó 31/09/2018 16/08/2018 ó 17/08/2018
<i>BRIGADA DE OBRAS</i>	
J. J. R.	13/08/2018 ó 31/08/2018 03/09/2018 ó 21/09/2018
V. P. G.	02/07/2018 ó 30/07/2018 03/09/2018 ó 11/09/2018
J. R. R. M.	16/07/2018 ó 31/07/2018 28/08/2018 ó 31/08/2018

**Concello de Cangas**





Concello de Cangas

	03/09/2018 ó 07/09/2018 26/12/2018 ó 28/12/2018
J. S. F.	13/08/2018 ó 31/08/2018 03/09/2018 ó 21/09/2018
J. A. A. A.	15/10/2018 ó 31/10/2018 02/11/2018 ó 21/11/2018
C. M. G.	22/06/2018 ó 29/06/2018 02/07/2018 ó 31/07/2018
J. L. S. M.	22/06/2018 ó 29/06/2018 02/07/2018 ó 31/07/2018
J.M. M. S.	01/08/2018 ó 31/08/2018 03/09/2018 ó 10/09/2018
R. R. G.	13/08/2018 ó 31/08/2018 03/09/2018 ó 20/09/2018
R. G. D.	03/09/2018 ó 28/09/2018 01/10/2018 ó 09/10/2018
A. F. P.	20/08/2018 ó 31/08/2018 03/09/2018 ó 26/09/2018
E. L. S.	10/09/2018 ó 28/09/2018 01/10/2018 ó 15/10/2018
T. G. R.	13/08/2018 ó 31/09/2018 03/09/2018 ó 21/09/2018
M. M. F.	13/08/2018 ó 17/08/2018 18/09/2018 ó 28/09/2018 01/10/2018 ó 11/10/2018 02/11/2018 ó 09/11/2018
<b>BRIGADA ELECTRICISTAS</b>	
A. S. M.	04/06/2018 ó 15/06/2018 03/09/2018 ó 14/09/2018 05/11/2018 ó 14/11/2018
X. M. C. F.	16/07/2018 ó 27/07/2018 06/08/2018 ó 31/08/2018
X.C. B. M.	18/06/2018 ó 29/06/2018 02/07/2018 ó 11/07/2018 17/09/2018 ó 28/09/2018
<b>EMERXENCIAS-PROTECCIÓN CIVIL</b>	
J. F. A.	12/07/2018 ó 26/07/2018 29/08/2018 ó 11/09/2018 06/11/2018 ó 12/11/2018
S. L. S.	15/06/2018 ó 28/06/2018 12/09/2018 ó 25/09/2018 19/11/2018 ó 23/11/2018
P. C. R.	02/05/2018 ó 15/05/2018 02/07/2018 ó 05/07/2018 22/10/2018 ó 05/11/2018
J. L. C. O.	16/05/2018 ó 30/05/2018

Concello de Cangas



Concello de Cangas

	27/07/2018 ó 09/08/2018 27/09/2018 ó 08/10/2018
C. C. P.	01/06/2018 ó 14/06/2018 10/08/2018 ó 27/08/2018 09/10/2018 ó 16/10/2018
<i>SEPULTUREIROS</i>	
F. F. R.	22/08/2018 ó 30/09/2018
J. M. F.	11/05/2018 ó 15/05/2018 16/07/2018 ó 31/07/2018 01/10/2018 ó 15/10/2018
<i>LIMPEZA VIARIA</i>	
E. S. F.	01/08/2018 ó 11/09/2018
M. R. C.	15/05/2018 ó 07/06/2018 01/09/2018 ó 21/09/2018
A. J. G. M.	20/06/2018 ó 09/07/2018 17/12/2018 ó 08/01/2019
J. L. M. P.	01/07/2018 ó 09/08/2018
M. A. R. C.	01/06/2018 ó 09/07/2018
B. F. A.	02/11/2018 ó 12/12/2018
<i>CASA DA CULTURA</i>	
P. R. G.	01/08/2018 ó 31/08/2018
F. C.	21/06/2018 ó 30/07/2018
J. J. P. A.	01/08/2018 ó 31/08/2018
<i>BIBLIOTECAS PARROQUIAIS</i>	
M. I. C. S.	02/07/2018 ó 31/07/2018 18/05/2018 ó 18/05/2018
M. I. R. M.	06/08/2018 ó 07/09/2018 18/05/2018 ó 18/05/2018
A. M. G.	30/07/2018 ó 22/08/2018 17/12/2018 ó 28/12/2018
E. M. G. F.	16/07/2018 ó 17/08/2018 06/06/2018 ó 06/06/2018 07/12/2018 ó 07/12/2018
<i>UAD</i>	
M. P. F.	30/07/2018 ó 24/08/2018 12/11/2018 ó 19/11/2018
A. F. V.	31/05/2018 ó 15/06/2018 16/07/2018 ó 01/08/2018
E. A. S.M.	15/06/2018 ó 22/06/2018 02/07/2018 ó 16/07/2018

Concello de Cangas



Concello de Cangas

	28/08/2018 ó 03/09/2018
M. G. M.	25/06/2018 ó 29/06/2018 10/09/2018 ó 14/09/2018 03/12/2018 ó 28/12/2018
B. C. B.	01/08/2018 ó 07/09/2018
M. C. C.	29/06/2018 ó 08/08/2018
E. T. G. 13/07/2018 ó 27/07/2018 28/08/2018 ó 19/09/2018	
A. C. I.	11/06/2018 ó 15/06/2018 03/09/2018 ó 14/09/2018 23/11/2018 ó 10/12/2018
M. P. C.	BAIXA I.T.
CMBS	
E. G. G.	10/09/2018 ó 03/10/2018 12/11/2018 ó 26/11/2018
I. C. G. P.	25/06/2018 ó 01/08/2018
R. C. A.	03/08/2018 ó 07/09/2018
I. P. P.	10/09/2018 ó 11/10/2018
R. L. D.	20/08/2018 ó 20/09/2018
E. S. P.	15/06/2018 ó 24/06/2018 09/07/2018 ó 29/07/2018 20/08/2018 ó 26/08/2018
P. T. G.	16/07/2018 ó 27/07/2018 28/08/2018 ó 17/09/2018
M. R. C.	
E. B. P.	01/06/2018 ó 08/06/2018 13/08/2018 ó 31/08/2018 29/10/2018 ó 05/11/2018
S. S. S.	02/07/2018 ó 19/07/2018 01/08/2018 ó 16/08/2018
E. M. R.	26/07/2018 ó 24/08/2018
AULA ESTIMULACIÓN	
C. M. G. M.	25/06/2018 ó 28/06/2018 10/08/2018 ó 21/08/2018 03/09/2018 ó 07/09/2018 24/12/2018 ó 04/01/2019
L. F. F.	21/05/2018 ó 28/05/2018 11/06/2018 ó 15/06/2018 25/06/2018 ó 29/06/2018 24/12/2018 ó 07/01/2019
J. M. F.	25/06/2018 ó 29/06/2018 09/07/2018 ó 13/07/2018 23/08/2018 ó 31/08/2018

Concello de Cangas



Concello de Cangas

	24/12/2018 ó 04/01/2019
<i>AXENCIA DESENVOLVEMENTO LOCAL</i>	
C. F. D.	02/07/2018 ó 13/07/2018 03/09/2018 ó 07/09/2018 08/10/2018 ó 15/10/2018
<i>XUVENTUDE E VOLUNTARIADO</i>	
M. L. N.	30/07/2018 ó 03/08/2018 03/09/2018 ó 02/10/2018
M. M. N. V.	25/06/2018 ó 10/07/2018 30/07/2018 ó 14/08/2018
A. M. B. A.	04/06/2018 ó 15/06/2018 07/09/2018 ó 26/09/2018
R.M. C.	02/07/2018 ó 13/07/2018 06/08/2018 ó 31/08/2018
<i>ESCOLA MÚSICA E CONSERVATORIO</i>	
M. J. T. E.	20/07/2018 ó 31/08/2018
A. G. A.	30/07/2018 ó 07/09/2018
F. J. P. F.	30/07/2018 ó 06/09/2018
M. E. M. M.	23/07/2018 ó 31/08/2018
J. R. C.	26/07/2018 ó 31/08/2018
R. E. M.	27/06/2018 ó 30/07/2018
J. A. C. V.	28/06/2018 ó 30/07/2018
M. R. G.	28/06/2018 ó 30/07/2018
J. R. R. P.	28/06/2018 ó 30/07/2018
D. R.	28/06/2018 ó 30/07/2018
J. A. M.	28/06/2018 ó 30/07/2018
L. M. C. P.	27/06/2018 ó 30/07/2018
S. M. P.	27/06/2018 ó 30/07/2018
<i>AUDITORIO MUNICIPAL</i>	
J. J. P. E.	23/07/2018 ó 31/09/2018
A. O. M.	11/07/2018 ó 14/08/2018
F. A. M.	16/08/2018 ó 19/09/2018
<i>TURISMO</i>	
C. P. M.	30/04/2018 ó 04/05/2018 27/07/2018 ó 03/08/2018 11/09/2018 ó 28/09/2018
<i>DEPORTES</i>	
J. R. R. A.	30/07/2018 ó 07/09/2018

Concello de Cangas



Concello de Cangas

M. T. G.	11/06/2018 ó 18/06/2018 23/07/2018 ó 05/08/2018 05/11/2017 ó 11/11/2018
<i>OPERARIOS SERVIZOS MÚLTIPLES</i>	
J. M. H.	13/06/2018 ó 29/06/2018 12/12/2018 ó 28/12/2018
A. S. A.	28/05/2018 ó 08/06/2018 18/09/2018 ó 05/10/2018
<i>CONSERXES</i>	
<i>CONCELLO</i>	
E. G. F.	09/11/2018 ó 30/11/2018 03/12/2018 ó 19/12/2018
M. F. S.	16/08/2018 ó 31/08/2018 03/09/2018 ó 24/09/2018
<i>CENTRO SOCIAL</i>	
A. P. C.	02/07/2018 ó 31/07/2018 10/09/2018 ó 13/09/2018
I. G. M.	01/08/2018 ó 24/08/2018 05/11/2018 ó 16/11/2018
<i>PRAZA DE ABASTOS</i>	
J. C. C. C.	21/06/2018 ó 31/07/2018
P. R. G.	01/08/2018 ó 07/09/2018
<i>CEIP A RÚA</i>	
F. V. F. P.	23/07/2018 ó 31/08/2018
<i>CEIP NAZARETH</i>	
J. A. S. M.	02/07/2018 ó 09/08/2018
<i>CEIP SAN ROQUE</i>	
P. F. F.	02/07/2018 ó 09/08/2018
<i>CEIP CASTRILLÓN</i>	
G. C. G.	16/07/2018 ó 24/08/2018
<i>CEIP ESPÍNEIRA</i>	
V. C. G.	16/07/2018 ó 24/08/2018

Concello de Cangas



Concello de Cangas

<i>LIMPADORAS</i>	
<i>CASA OFICIOS, ADULTOS, XUVENTUDE</i>	
<i>M. P. C. M.</i>	<i>30/07/2018 ó 17/08/2018</i> <i>20/11/2018 ó 07/12/2018</i>
<i>UAD, CASA DA CULTURA</i>	
<i>M. L. B. C.</i>	<i>BAIXA I. T.</i>
<i>CEIP DO HÍO</i>	
<i>D. V. O.</i>	<i>16/07/2018 ó 23/08/2018</i>
<i>CEIP ESPÍNEIRA</i>	
<i>M. P. P.</i>	<i>02/07/2018 ó 08/08/2018</i>
<i>CEIP NAZARETH</i>	
<i>A. M. B. G.</i>	<i>26/07/2018 ó 05/09/2018</i>
<i>CEIP CASTRILLÓN</i>	
<i>C. C. M.</i>	<i>01/08/2018 ó 10/09/2018</i>
<i>POLICÍA LOCAL</i>	
<i>A. A. B.</i>	<i>18/06/2018 ó 12/07/2018</i>
<i>J. L. B. R.</i>	<i>02/07/2018 ó 26/07/2018</i> <i>24/09/2018 ó 18/10/2018</i>
<i>C. M. M.</i>	<i>28/05/2018 ó 21/06/2018</i> <i>23/07/2018 ó 16/08/2018</i>
<i>M. A. P.</i>	<i>25/06/2018 ó 19/07/2018</i> <i>20/08/2018 ó 13/09/2018</i>
<i>D. V. P.</i>	<i>26/07/2018 ó 09/08/2018</i> <i>20/08/2018 ó 13/09/2018</i>
<i>A. G. G.</i>	<i>04/06/2018 ó 28/06/2018</i> <i>27/08/2017 ó 20/09/2018</i>
<i>J. V. C.</i>	<i>04/06/2018 ó 28/06/2018</i> <i>27/08/2018 ó 20/09/2018</i>
<i>R. P. G.</i>	<i>30/07/2018 ó 23/08/2018</i> <i>22/10/2018 ó 15/11/2018</i>
<i>X. M. A. C.</i>	<i>02/07/2018 ó 26/07/2018</i> <i>24/09/2018 ó 18/10/2018</i>
<i>E. R. B.</i>	<i>16/07/2018 ó 09/08/2018</i> <i>10/09/2018 ó 04/10/2018</i>
<i>L. C. V.</i>	<i>18/06/2018 ó 12/06/2018</i> <i>13/08/2018 ó 06/09/2018</i>
<i>V. M. P. H.</i>	<i>28/05/2018 ó 21/06/2018</i> <i>03/09/2018 ó 27/09/2018</i>

Concello de Cangas



**Concello de Cangas**

<i>J. L. D. P.</i>	<i>30/04/2018 ó 24/05/2018</i> <i>09/06/2018 ó 02/08/2018</i>
<i>E. L. S.</i>	<i>26/03/2018 ó 19/04/2018</i> <i>16/07/2018 ó 09/08/2018</i>
<i>J. C. R. F.</i>	<i>07/05/2018 ó 31/05/2018</i> <i>13/08/2018 ó 06/09/2018</i>
<i>R. G. B.</i>	<i>18/06/2018 ó 12/07/2018</i> <i>10/09/2018 ó 04/10/2018</i>
<i>M. L. G. G.</i>	<i>17/07/2018 ó 17/08/2018</i>
<i>A. M. F.</i>	<i>01/08/2018 ó 22/08/2018</i> <i>01/11/2018 ó 15/11/2018</i>
<i>X. M. B.</i>	<i>14/04/2018 ó 30/04/2018</i>
<i>SERVIZO DE GUINDASTRE</i>	
<i>A. A. P.</i>	<i>16/07/2018 ó 23/08/2018</i>
<i>B. B. M.</i>	<i>03/09/2018 ó 04/10/2018".</i>



**Expediente 517/2018. PS-18/04.- Proposta da Alcaldía s/aprobación de convocatoria e bases do proceso selectivo para selección e posterior contratación laboral temporal de 1 técnico/técnica de turismo para as oficinas de turismo de Cangas (Uxencia)**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentime  
nto

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía de data 07.05.2018, referente a convocatoria e aprobación de bases de proceso selectivo de técnico/técnica de turismo para as oficinas de turismo de Cangas, que é como segue:

*"Vista a proposta da concelleira de Turismo, Tania Castro Paredes de data 23.04.2018, dirixida a que se proceda á selección e posterior contratación de 1 técnico/técnica para as oficinas de Turismo para o Concello de Cangas polo sistema de concurso-oposición libre, con base na concesión, ao Concello de Cangas, da subvención convocada pola Axencia de Turismo de Galicia por resolución de 02.01.2018 (DOG nº 22 de 31.01.2018) para a contratación de persoal nas oficinas de turismo de concellos declarados municipios turísticos para a contratación de persoal nas oficinas de turismo en concellos declarados municipios turísticos.*

*Vista a existencia de crédito, da que queda constancia no expediente, para acometer a contratación mencionada.*

*Vistos os informes emitidos pola intervención municipal de data 02.05.2018 e secretaría xeral de 07.05.2018, que coinciden en sinalar a falta de xustificación respecto da necesidade urxente e inaprazable que concorre para os efectos de motivar a contratación que se pretende, invocando ás limitacións á contratación de persoal laboral temporal establecidas no artigo 19.2 da Lei 3/2017, de carácter básico, cómpre recordar, como se sinalaba na proposta da concelleira de turismo, que serve de xustificación para dar inicio á presente tramitación, que a contratación que se propón é un caso excepcional, para cubrir necesidades prioritarias nun Concello declarado pola Xunta de Galicia de interese turístico, cando está a punto de iniciarse a tempada de verán e ademais, nesta liña, debe destacarse a expresa referencia a prazas subvencionadas, como a que é obxecto do presente expediente, que se fai na base de execución 51 do orzamento do Concello de Cangas para 2017, actualmente en vigor, que establece:*

*'Para os efectos do disposto na Lei de orzamentos xerais do Estado, decláranse sectores prioritarios, para os efectos da contratación excepcional de persoal laboral temporal, os servizos vinculados ás competencias establecidas polo artigo 26.1 apartados a) e b) da Lei 7/1985, de bases de Réxime local e o reforzo dos servizos vinculados á tempada estival derivados da condición do Concello de Cangas como municipio de interese turístico, como son os de policía local, socorrismo ou limpeza de praias.*

*Decláranse tamén como prioritarias as tarefas de apoio administrativo, técnico, xurídico, así como o apoio á realización de tarefas propias das distintas escalas e subescalas nas que se organiza o funcionariado do Concello de Cangas, aos distintos departamentos, negociados, áreas ou análogos en que se organice o Concello e calquera outras que garantan o funcionamento interno da administración municipal.*

*A incorporación de novo persoal laboral temporal nestes servizos requirirá de informe-*





*proposta do responsable do servizo, no que se motive adecuadamente a excepcionalidade, urxencia e inaprazabilidade da contratación e a idoneidade da modalidade contractual a utilizar.*

*Entenderase que os extremos anteriores están adecuadamente motivados cando se trate de contratacións derivadas de subvencións ou programas con financiamento alleo, sempre que este cubra unha parte substancial dos custos asociados á contratación'.*

*Visto que se ben a competencia para aprobar as bases de selección de persoal corresponde ao alcalde orixinariamente, esta foi delegada na Xunta de Goberno Local por resolución da Alcaldía de 1 de xullo de 2015, como sinala a secretaria no seu informe.*

*En consideración ao anteriormente exposto traslado á Xunta de Goberno Local para a súa aprobación a seguinte:*

#### **PROPOSTA**

*PRIMEIRO.- Aprobar as bases para a selección e posterior contratación que literalmente din:*

*<<BASES PARA A SELECCIÓN E POSTERIOR CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE 1 TÉCNICO/TÉCNICA DE TURISMO PARA AS OFICINAS DE TURISMO DE CANGAS, AO ABEIRO DA SUBVENCIÓN CONVOCADA POLA AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA POR RESOLUCIÓN DE 02.01.2018 (DOG Nº 22 DE 31.01.2018)*

#### **PRIMEIRA.- OBXECTO, RÉXIME DE CONTRATACIÓN E SISTEMA DE SELECCIÓN**

*O obxecto das presentes bases é a selección e posterior contratación de 1 técnico/técnica para as oficinas de turismo para o Concello de Cangas polo sistema de concurso-oposición libre, con base na concesión ao Concello de Cangas da subvención convocada pola Axencia de Turismo de Galicia por resolución de 02.01.2018 (DOG nº 22 de 31/01/2018) para a contratación de persoal nas oficinas de turismo de concellos declarados municipios turísticos para a contratación de persoal nas oficinas de turismo en concellos declarados municipios turísticos.*

*A contratación será de carácter laboral temporal a tempo parcial (75% da xornada) por un período de tempo comprendido entre o 15 de xuño ao 15 de setembro, na modalidade de acumulación de tarefas ligada ao financiamento derivado do outorgamento da subvención antes citada cun salario bruto mensual de mil corenta e cinco euros con oitenta e catro céntimos (1045,84 €).*

*Á persoa seleccionada seralle da aplicación o acordo regulador das condicións de traballo do persoal ao servizo do Concello de Cangas.*

#### **SEGUNDA.- REQUISITOS DOS/DAS ASPIRANTES**

*Para ser admitido/admitida á realización das probas selectivas os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:*

*a) Ter nacionalidade española ou algunha outra que, consonte o disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, permita o acceso ao emprego público.*



- b) *Ter cumpridos dezaseis anos de idade e non ter acadado a idade de xubilación forzosa.*
- c) *Posuír a capacidade funcional necesaria para o desenvolvemento das tarefas que se van realizar.*
- d) *Estar en posesión ou en condicións de obter o título académico esixido nas bases para ingresar na praza o día en que remate o prazo de presentación de instancias. Técnico superior en información e comercialización turística ou técnico superior en guía, información e asistencia turística; técnico en empresas e actividades turísticas, ou grao ou diplomado/diplomada en turismo ou equivalente homologado ou ben contar coa habilitación de guía de turismo.*
- e) *Non ter sido apartado/apartada mediante expediente disciplinario do servizo ao Estado, ás comunidades autónomas ou as entidades locais, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.*
- f) *Non atoparse incurso en ningunha causa de incapacidade.*
- g) *Ter ingresado a taxa para participar no proceso selectivo segundo a correspondente ordenanza fiscal (doce euros con setenta e oito céntimos (12,78 €)). (Deberá facerse previa obtención da correspondente folla de liquidación na tesourería do Concello).*
- h) *Estar desempregado/desempregada ou ser demandante dunha mellora de emprego no Servizo público de emprego de Galicia.*

**TERCEIRA.- SOLICITUDES, PRAZO DE PRESENTACIÓN E DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR CON ELAS**

*Os que desexen tomar parte nas probas selectivas deberán facelo constar no modelo de instancia que achega ás presentes bases dirixida ao alcalde- presidente do Concello de Cangas, que deberá ser entregada no rexistro xeral, no prazo de dez días naturais a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no BOP, en horario de atención ao público.*

*Este modelo de instancia inclúe o modelo de declaración polo que se fai constar expresamente o cumprimento dos requisitos establecidos na base segunda, sen prexuízo de que ao final do proceso selectivo se deba acreditar documentalmente ese cumprimento. Non obstante deberá procederse a esta acreditación en calquera momento anterior se así o esixe o negociado de persoal do Concello ou o tribunal de selección.*

*As solicitudes que se presenten a través da oficina de correos deberán entregarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo funcionario de Correos antes de seren certificadas. Caso de que a instancia non se presente directamente no rexistro xeral do concello o/a aspirante deberá dirixir por fax, ao 986 304850, unha copia da instancia con anterioridade ao remate do prazo na que figure a data de presentación no rexistro correspondente, para os efectos de que poida ser incluída na relación de admitidos/admitidas.*

*Os/as interesados/interesadas presentarán as súas solicitudes achegadas da seguinte documentación:*

- O modelo de instancia que achega ás presentes bases debidamente cuberto e asinado.*



- *Fotocopia compulsada, por ámbalas dúas caras, do DNI.*
- *Fotocopia compulsada do título ou do recibo do depósito do título.*
- *Fotocopia compulsada da tarxeta de demandante de emprego en vigor.*
- *Resgado acreditativo de ter satisfeito as taxas.*

*Toda a documentación non orixinal aportada deberá presentarse debidamente compulsada. Por outra banda, a efectos de quedar exento da realización do primeiro exercicio da fase de oposición obtendo a cualificación de superado, os aspirantes que o desexen deberán presentar dentro do período de presentación de instancias o título acreditativo de estar en posesión do certificado en lingua galega–nivel 4 (CELGA 4) ou superior, ou a súa validación, ou a certificación do curso de lingua galega de perfeccionamento.*

#### **CUARTA.- ADMISIÓN DOS/DAS ASPIRANTES**

*Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución declarando aprobada a lista de admitidos e excluídos provisionais, con especificación, no seu caso, dos motivos de exclusión, a cal se publicará no taboleiro de anuncios do Concello (<http://cangas.sedelectronica.gal/board/>). Os aspirantes excluídos disporán de 10 días naturais a contar desde o seguinte ao da publicación do listado provisional para poder subsanar ou emendar, no seu caso o defecto que motivara a exclusión. No suposto de producirse reclamacións ditarase nova resolución estimándoas ou desestimándoas, o que se fará público, igualmente, no taboleiro de anuncios da Casa do Concello (<http://cangas.sedelectronica.gal/board/>).*

#### **QUINTA.– TRIBUNAL CUALIFICADOR**

*O tribunal que xulgará as probas terá por obxecto garantir e supervisar o correcto desenvolvemento do proceso en todas as súas fases. Estará composto por cinco membros. Non poderá constituírse sen a asistencia como mínimo de tres dos seus membros titulares ou suplentes.*

*Os membros titulares e suplentes terán igual ou maior titulación ca esixida aos aspirantes á praza convocada e terán voz e voto.*

*Os/as membros do tribunal deberán absterse de intervir, comunicándolle á alcaldía cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015 de 1 de outubro de Réxime xurídico do sector público.*

*Así mesmo, os aspirantes, poderán recusar os membros do tribunal cando nos mesmos concorran algunha das circunstancias previstas para a abstención de conformidade co establecido no art. 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público.*

*A composición efectiva do tribunal, así como a data e hora de realización dos exercicios, faranse públicos no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, integrando a resolución pola que se publique a lista provisional de admitidos e excluídos ao proceso selectivo, co fin de posibilitar a formulación de recusación contra os membros da comisión de selección.*

*O tribunal poderá contar coa colaboración dos asesores externos que considere oportunos, que actuarán con voz e sen voto, limitándose a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.*



*SEXTA.- SISTEMA DE SELECCIÓN*

*O proceso selectivo constará de dúas fases a de concurso e a de oposición.*

*FASE DE CONCURSO: Puntuación máxima 4 puntos.*

*I. Méritos académicos. Por ter asistido a cursos de formación e perfeccionamento impartidos en centros oficiais, universidades, colexios oficiais ou escolas de administracións públicas relacionadas coas materias obxecto desta convocatoria. Ata un máximo de 2,00 puntos.*

*a) Máster universitario, curso de posgrao universitario, curso de experto ou especialización universitaria ou equivalente específico en materia de turismo, e cunha duración mínima de 200 horas – 0,50 puntos.*

<i>b) DURACIÓN</i>	<i>PUNTOS</i>
<i>De 10 ou máis créditos -100 ou máis horas</i>	<i>0,25 puntos.</i>
<i>De 6 a 9 créditos - De 60 a 99 horas</i>	<i>0,20 puntos.</i>
<i>De 3 a 5 créditos - De 30 a 59 horas</i>	<i>0,15 puntos.</i>
<i>De 1 a 2 créditos - De 10 a 29 horas</i>	<i>0,10 puntos.</i>
<i>9 ou menos horas</i>	<i>0,05 puntos.</i>

*No suposto de que non se acredite a duración dos cursos, estes serán valorados a razón de 0,05 puntos. Só se valorarán os cursos impartidos por organismos oficiais ou debidamente homologados por estes (especialmente escolas ou institutos administrativos de formación do persoal ao servizo das administracións públicas e universidades). Neste senso non serán obxecto de valoración as certificacións expedidas por academias privadas se non se xustifica a homologación sinalada.*

*II. Idiomas – Polo dominio oral e escrito dunha lingua estranxeira, acreditada mediante título oficial, ata un máximo de 2,00 puntos.*

*a) No caso de que os cursos de idiomas sexan valorados polo número de horas, aplicarase o baremo dos cursos sinalado anteriormente.*

*b) No caso de que os cursos de idiomas sexan dunha escola oficial o baremo será o seguinte: Certificado A1 ou A2 do marco común europeo de referencia para as línguas: 0,25 puntos, certificado B1 ou B2 do marco común europeo de referencia para as línguas: 0,5 puntos, certificado C1 ou C2 do marco común europeo de referencia para as línguas: 1 punto.*

*FASE DE OPOSICIÓN: Puntuación máxima 6 puntos.*

*I. Proba de coñecementos de galego.*

*Consistirá na tradución de castelán a galego dun texto, dun mínimo de 5 liñas, a realizar nun tempo máximo de media hora. A valoración deste exercicio será de superado ou non superado.*

*Terá carácter eliminatorio e será obrigatoria a súa realización para aquelas persoas aspirantes que non acreditaran no prazo de presentación de instancias o título acreditativo de*



*estar en posesión do certificado en lingua galega – nivel 4 (CELGA 4) ou superior, ou a súa validación, ou a certificación do curso de lingua galega de perfeccionamento (achegarase copia compulsada).*

## *II. Proba de coñecementos prácticos.*

*Consistirá na realización dun exame tipo test de 30 preguntas relacionadas co temario anexo, a realizar no día, hora e lugar que se indique na resolución pola que se publique o listado provisional de admitidos e excluídos. Este exercicio terá unha duración máxima de 60 minutos, sendo a puntuación máxima 6 puntos e sendo necesaria unha puntuación mínima de 3 puntos para acadar a cualificación de APTO. Aqueles aspirantes que non acaden a cualificación esixida quedarán eliminados. O exame conterá cinco preguntas adicionais como reserva para o caso de anulación dalgunha das preguntas do exame e que tamén servirán para resolver os posibles empates, en primeiro lugar no seu conxunto e despois, de persistir o empate, tomando en consideración cada pregunta reserva ailladamente e na orde pola que foran formuladas de tal xeito que quedará supeditado/supeditada aquel aspirante empatado que por esa orde cometese o primeiro fallo antes, finalmente de persistir o empate o tribunal realizará unha serie de preguntas adicionais aos aspirantes nesta situación sobre o contido do temario ata desfacer este.*

### *TEMARIO*

- 1. A Administración Local. O Municipio, Concepto, elementos e organización.*
- 2. Normativa xeral e autonómica en materia turística.*
- 3. A ordenanza de uso e disfrute das praias do termo municipal de Cangas (BOP 25/08/2009).*
- 4. As instalacións e dependencias do Concello de Cangas.*
- 5. Patrimonio histórico, cultural e etnográfico de Cangas.*
- 6. Principais festas e eventos do municipio.*
- 7. A Semana Santa e as Danzas Ancestrais.*
- 8. As praias de Cangas.*
- 9. Os aloxamentos turísticos do municipio.*
- 10. Plans de calidade turística no Concello de Cangas.*

*Todos os candidatos que concorran á realización da proba, deberán ir provistos do seu DNI, pasaporte ou permiso de conducir. En caso de non presentar ningún destes documentos, non se lle permitirá a realización das probas.*

*Os aspirantes serán chamados para a realización das probas nun único chamamento, quedando excluídos do proceso os que non comparezan.*

*SÉTIMA.- Cualificación final.*



*A cualificación final virá determinada pola suma das puntuacións obtidas nas fases de oposición e de concurso, sempre e cando a persoa superase a proba práctica.*

*No suposto de empate na cualificación final de dous ou máis persoas aspirantes, este resolverase a favor daquela persoa que obtivese a maior puntuación na fase de oposición; de persistir o empate, dirimirase a favor da persoa que obtivese a maior puntuación na fase de concurso, de persistir o empate este se resolverá a favor da persoa con maior puntuación na valoración das preguntas reserva e de ser necesario, o empate resolveríase finalmente mediante unha proba adicional de coñecementos baseada no temario achegado entre as persoas empatadas.*

*O tribunal seleccionador, fará pública, no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello a puntuación obtida polos/polas aspirantes. O tribunal cualificador non poderá en ningún caso, declarar mais aspirantes aprobados que prazas convocadas, calquera proposta que contraveña este mandato será nula de pleno dereito.*

*A continuación, o tribunal elevará a súa proposta á Alcaldía que ditará resolución para a contratación do/da candidato/candidata que acadase a maior puntuación. O resto dos aspirantes, que superando as probas non foran seleccionados, integrarán un listado ordenado segundo as puntuacións obtidas, que será utilizado para cubrir as baixas ou renuncias que se produzan entre os aspirantes con dereito á contratación.*

#### **OITAVA.– PUBLICIDADE DAS BASES E DA CONVOCATORIA DESTAS**

*As presentes bases estarán expostas ao público, no taboleiro de anuncios do Concello (<http://cangas.sedelectronica.gal/board/>) e na paxina web do concello (<http://cangas.gal/>) durante o prazo sinalado para a presentación de instancias, publicando un anuncio da convocatoria no BOP de Pontevedra. O taboleiro de anuncios da Casa do Concello será o medio para dar publicidade a todas as notificacións dos actos que deriven do proceso selectivo iniciado coas presentes bases.*

#### **NOVENA.- CARÁCTER DAS BASES E INCIDENCIAS**

*As presentes bases desta convocatoria vinculan á administración local convocante, ao tribunal cualificador e aos aspirantes que participen no proceso. O tribunal de selección queda facultado para a interpretación das bases da convocatoria, así como, para resolver cantas dúbidas e incidencias produza a súa aplicación durante o proceso selectivo, podendo adoptar os acordos necesarios na procura da boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.*

#### **DÉCIMA.- DISPOSICIÓN FINAL**

*As presentes bases e cantos actos administrativos deriven destas e das actualizacións do tribunal de selección, poderán seren impugnados nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas e polo disposto nas presentes bases.*

*Así mesmo a administración municipal poderá, no seu caso, proceder á revisión das resolucións dos tribunais conforme co previsto na mencionada Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.*

#### **INSTANCIA PARA PARTICIPAR NA SELECCIÓN E POSTERIOR CONTRATACIÓN LABORAL**



Concello de Cangas

*TEMPORAL DE 1 TÉCNICO/TÉCNICA DE TURISMO PARA AS OFICINAS DE TURISMO DE CANGAS AO ABEIRO DA SUBVENCIÓN CONVOCADA POLA AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA POR RESOLUCIÓN DE 02.01.2018 (DOG Nº 22 DE 31.01.2018)*

*APELIDOS, NOME:  
TELÉFONO:  
DNI:  
ENDEREZO:*

*Solicita ser incluído na relación de aspirantes admitidos/admitidas no proceso selectivo indicado na cabeceira.*

*Por medio do presente declara que se atopa en situación de desemprego ou demandante dunha mellora de emprego, non se atopa incurso/incursa en ningunha causa de incompatibilidade ou incapacidade que determine a lexislación vixente e que cumpre todos os requisitos esixidos na convocatoria (en particular os expostos na base segunda) e que non foi separado/separada mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.*

*Cangas, de de 2018*

*Asdo. : .....*

**DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR XUNTO Á PRESENTE SOLICITUDE**

- n A presente instancia, debidamente cuberta e asinada.*
- n Fotocopia compulsada do D.N.I.*
- n Fotocopia compulsada da titulación esixida.*
- n Xustificante acreditativo do pago das taxas.*
- n Tarxeta de demandante de emprego en vigor.*
- n No seu caso, documentación acreditativa título exención exame galego*

**A ALCALDÍA DO ILMO CONCELLO DE CANGAS >>**

**SEGUNDO.-** *Convocar o proceso selectivo mencionado e ordenar que se sigan todos os trámites ata que se proceda á contratación e aprobación de listado previsto nas bases.*

**TERCEIRO.-** *Que se proceda a publicación das bases de acordo co disposto nestas".*

**B) ACTIVIDADE DE CONTROL**

Non hai asuntos

**C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES**

Non hai asuntos

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850